



DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 27 de xullo de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 24 de xullo, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación co expediente de modificación orzamentaria, utilizando a figura da **"Incorporación de Remanentes"**, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como o artigo 17º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, e tendo en conta o informe favorable da Intervención Municipal, a data da presente, **ACORDO**:

1.- Aprobar o expediente de incorporación de remanentes de crédito número 6-R/17, que incrementa os créditos do actual orzamento con remanentes de crédito producidos na execución do exercicio do 2016, financiados con recursos xerais, por un importe total de cincuenta e seis mil douscentos seis euros con noventa e tres céntimos (56.206,93.-€), de acordo co seguinte detalle:

A) Remanente que se incorpora

Aplicación orzament. 2016							
Aplicación orzament. 2017					Remanente	Fonte de	Código
R	ORG	FUN	ECON	DESCRIPCIÓN	a incorporar	Financiación	Proxecto
N	130	1530	62300	Maquinaria e utillaxe Infraestruturas	42.350,00	87000	S/P
N	130	1530	62300	Maquinaria e utillaxe Infraestruturas		182 a)	
N	130	9202	64100	Adquisición software diverso	13.856,93	87000	S/P
N	130	9202	64100	Adquisición software diverso		182 b)	
				Total incorporación de remanentes	56.206,93		

B) Recursos que financian a incorporación

Resumen fontes financiación

Concepto de ingresos	Importe
Rmte. de Tesourería para gastos xerais (87000)	56.206,93
Total recursos financeiros dispoñibles	56.206,93

2.- Dar conta do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

Mandouno e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, accidental, dou fe.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Descarga do documento electrónico na páxina <http://sede.ourense.gob.es> 'Validación do CSV'

CÓDIGO CSV: 08AMWOSXYOC8CUZX